

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Publicación bases reguladoras para a concesión de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO PARA FAMILIAS CON DESCENDENTES ESCOLARIZADOS NOS NIVEIS OBRIGATORIO OU NON OBRIGATORIO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS CONVOCADAS POLA CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2020, acordou a aprobación das bases reguladoras para a concesión de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

Dando cumprimento ao acordo plenario, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. As bases están expostas no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal.

Arteixo, 27 de xuño de 2020.

Por delegación, Decreto nº 416/2020

Asdo. dixitalmente.

Inés Ramos Álvarez

Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO PARA FAMILIAS CON DESCENDENTES ESCOLARIZADOS NOS NIVEIS OBRIGATORIO OU NON OBRIGATORIO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

INDICE:

- 1.-Exposición de motivos
- 2.-Condicións xerais:
 - 2.1.- Obxecto
 - 2.2.- Crédito orzamentario
 - 2.3.- Persoas destinatarias
 - 2.4.- Requisitos xerais
 - 2.5.- Procedemento
 - 2.6.- Revisión de solicitudes e subsanacións
 - 2.7.- Valoración e resolución das solicitudes
 - 2.8.- Compatibilidade con outras axudas
 - 2.9.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes
 - 2.10.- Unidade familiar
 - 2.11.- Documentación xeral e específica
 - 2.12.- Obrigas das persoas beneficiarias
 - 2.13.- Comisión de valoración
 - 2.14.- Recursos
 - 2.15.- Publicidade e entrada en vigor
- 3.-Liña 1: axudas de comedor
 - 3.1.- Obxecto
 - 3.2.- Persoas destinatarias
 - 3.3.- Requisitos
 - 3.4.- Obrigas das persoas beneficiarias

- 3.5.- Criterios de valoración
- 3.6.- Criterios de concesión
- 3.7.- Procedemento de aplicación da prestación
- 3.8.- Xestión e pago das axudas
- 3.9.- Baixa no servizo
- 3.10.- Exención de tributación
- 4.-Liña 2: axudas para adquisición de libros e material didáctico
 - 4.1.- Obxecto
 - 4.2.- Persoas destinatarias
 - 4.3.- Requisitos
 - 4.4.- Criterios de valoración
 - 4.5.- Criterios de adjudicación
 - 4.6.- Procedemento para o abono das axudas
- 5.-Liña 3: axudas á mobilidades para estudantes
 - 5.1.- Obxecto
 - 5.2.- Persoas destinatarias
 - 5.3.- Requisitos
 - 5.4.- Xestión das axudas
 - 5.5.- Procedemento de concesión
 - 5.6.- Procedemento para o abono das axudas
 - 5.7.- Compatibilidade con outras axudas
 - 5.8.- Xustificación
 - 5.9.- Devolución

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDIO PARA FAMILIAS CON DESCENDENTES ESCOLARIZADOS NOS NIVEIS OBRIGATORIO OU NON OBRIGATORIO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

1.- Exposición de motivos.-

A Constitución española, no seu artigo 39, considera unha obrigatoriedade dos poderes públicos o asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

O Estatuto de Autonomía de Galicia tamén lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, a infancia e a adolescencia nos seus títulos de competencias xenéricas de asistencia social e promoción do desenvolvemento comunitario.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 4, indica que dentro das competencias das entidades locais inclúense a potestade regulamentaria e de autoorganización que se complementan coa de programación ou planificación da actividade da organización.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que modifica a Lei 7/1985, no seu artigo 25, atribúe aos concellos unha ampla capacidade xenérica de actuación para promover actividades e prestar servizos públicos que afecten ás necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Esta e outra lexislación de aplicación, determina que as administracións poderán conceder axudas económicas para apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por outro lado, a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, reconece á familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, regulando a obriga dos poderes públicos de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros e, especialmente, aos nenos e adolescentes. A Administración Autónoma debe promover que outras administracións (concellos e deputacións) desenvolvan plans de apoio á familia, complementado isto co contido do artigo 7 no que se menciona que os concellos exercerán competencias, entre outras, en materias relacionadas coa execución de programas e proxectos destinados á atención á familia.

O artigo 18 da lei mencionada tamén establece que para as familias, sobre todo as de especial consideración, pode-rase establecer normativa no ámbito da educación e a formación para a concesión de axudas ou bonificacións para libros, material escolar e comedores (entre outros) para os niveis non universitarios sostidos con fondos públicos.

O seu artigo 28, asimesmo, establece os principios rectores da conciliación da vida persoal, familiar e laboral como uns dos eixes da actividade administrativa pública galega.

A Lei de apoio á familia e á convivencia tamén define que o apoio á familia ten como obxectivo establecer axudas económicas, materiais, sociais, educativas e terapéuticas que permitan mellorar o medio familiar e a atención de necesidades dos nenos e dos adolescentes. Complementa esta filosofía o indicado no artigo 60.f mediante a oferta de axudas e prestacións económicas temporais.

A Resolución de 28 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexirán as axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade, no marco das políticas da Unión Europea nas diferentes normas e documentos de programación e planificación e, en particular, a Estratexia europea 2020, o Pacto pola igualdade de xénero 2011-2020, a igualdade de oportunidades con referencia explícita á necesidade de avanzar e promover a mellora da conciliación da vida laboral e privada. Na propia Lei 3/2011 tamén se induce á promoción da igualdade no acceso ao mundo laboral mediatne actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Desde a entidade municipal as axudas convocadas tamén fomentan esta conciliación a través de apoios económicos especialmente na liña 2.

Desde a entidade municipal xa se dispón de recursos para a atención de casos en grave risco de exclusión social. Pero queda un elevado número de persoas que, aínda tendo problemas para cubrir gastos, non teñen as características para optar ás axudas previstas para os casos máis complexos de carencia, sobre todo económica. Si ben é certo que parte dos preceptos mencionados quedan cubertos pola actuación dos servizos sociais de atención primaria, desde a entidade municipal considérase tamén necesario poñer en marcha un plan de apoio ás familias destinado a colaborar coa vecinaza no sostemento dos gastos derivados da atención aos seus descendentes. Moitas unidades familiares presentan situacións complicadas de cara á asunción de custos obrigatorios nuns casos ou alternativos noutros.

O obxectivo das axudas é, precisamente, repercutir en unidades familiares que non poden atenderse coa actual normativa municipal por non reunir os criterios. Inténtase que a normalidade sexa o habitual e que os menores non sexan os receptores últimos das consecuencias da falta de ingresos da familia por causas alleas e involuntarias. Eses menores tamén deben acceder aos servizos que se lle ofertan á vecinaza para facer efectivo o principio de igualdade no acceso ás ofertas municipais ou doutras entidades sen ánimo de lucro directamente relacionadas coa actividade escolar ou complementaria desta.

Tendo en conta o exposto, o Concello de Arteixo propón articular medidas para apoio ás familias mediante o establecemento de liñas da axuda que permitan que as unidades familiares con reducidos apoios económicos poidan acceder a recursos que palíen, na medida do posible, as situacións de crise que se producen. Destas axudas serán beneficiarias as persoas escolarizadas nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos que compran os requisitos definidos nas presentes bases.

A tal efecto, desde a Concellaría de Educación establécense condicións para realizar as convocatorias das seguintes liñas de axudas:

- . Liña 1: Axudas para comedor escolar
- . Liña 2: Axudas para adquisición de libros e material didáctico
- . Liña 3: Axudas á mobilidade para estudantes

2.- CRITERIOS XERAIS

2.1.- Obxecto.-

É obxecto das presentes bases regular os procedementos de convocatoria de axudas destinadas aos estudantes dos niveis obrigatorio e non obrigatorio matriculados en centros sostidos con fondos públicos que cumpran os requisitos definidos nas presentes bases.

As axudas outorgaranse dacordo cos principios de Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

As bases establécense no marco da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo) e da Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e outra lexislación de aplicación.

2.2.- Crédito orzamentario.-

A contía máxima destinada ás axudas ás familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio (centros sostidos con fondos públicos) será a consignada anualmente no orzamento municipal para cada liña.

As contías non utilizadas do total consignado anualmente no orzamento municipal integraranse novamente á partida podendo ser utilizado o remanente.

Non obstante, o Concello poderá habilitar maior crédito dentro das súas dispoñibilidades presupostarias ou modificar as contías máximas previstas para as distintas axudas e subvencións da mesma Concellaría no orzamento municipal anual podendo imputar a outras incluídas na mesma partida. En todo caso, o límite será sempre o esgotamento da partida presupostaria.

2.3.- Persoas destinatarias.-

Concrétanse en cada liña de axudas as persoas destinatarias.

2.4.- Requisitos xerais.-

Para ser beneficiario das axudas deberanse cumprir os seguintes requisitos xerais:

a) Acreditar empadroamento no Concello de Arteixo con antelación á data de solicitude da axuda polo menos o estudante cun dos proxenitores (agás para a liña 3 á que se aplicará o que se especifica na parte específica das presentes bases). Dado o carácter municipal das axudas, este requisito deberá manterse durante todo o curso.

b) Convivir coa persoa beneficiaria (estudiante) ou ser a persoa beneficiaria (liña 3).

c) Ostentar a tutela legal da/do estudante para o que se solicita a axuda ou ter concedido o acollemento familiar deste.

d) Non superar a renda per cápita da unidade familiar que se fixa como umbral máximo para cada liña convocada no exercicio correspondente.

e) Presentar solicitude da axuda no prazo establecido en modelo normalizado.

f) Achegar toda a documentación e autorizacións requiridas.

g) Ter cumprido coas obrigas derivadas da participación na convocatoria anterior.

h) Atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social.

i) Acreditar non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de axudas segundo o disposto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

j) Non ter en trámite ningún expediente de reintegro de subvencións.

k) Cumprir os requisitos específicos das liñas de axuda.

Os requisitos deben reunirse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse ata a finalización da actividade subvencionada.

2.5.- Procedemento.-

O procedemento que se aplicará para a valoración de solicitudes e a concesión das axudas será o establecido na Ordenanza Xeral da concesión de subvencións municipais ademais do que a continuación se especifica:

a) Aprobación das bases polo Pleno Municipal.

b) Publicación das bases no BOP

c) Aprobación da convocatoria anual polo órgano municipal competente.

d) Publicación da convocatoria anual no BOP

e) Finalizado o prazo, procederase pola entidade municipal á comprobación da documentación, podendo formalizarse requirimento de subsanación si é o caso.

f) Completados os expedientes, a comisión de valoración designada ao efecto procederá ás valoracións e elevará acta coa proposta de concesión á Xunta de Goberno para a súa aprobación.

g) Procederá á publicación das resolucións no B.O.P. na Sede Electrónica, na páxina web e demais lugares que se consideren para maior difusión.

Aos efectos de publicacións relacionadas co procedemento de solicitude de axudas ao estudo aplicarase o regulado na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas nos seguintes términos:

a) A publicación substitúe á notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva.

b) A tal efecto, os medios utilizados para as sucesivas publicacións relacionadas con este procedemento serán os seguintes:

- Publicación na Sede Electrónica municipal, páxina web e medios complementarios da información xeral que afecte ás partes do procedemento (prazos, subsanacións, ...).

- A resolución das concesións como acto que contén elementos comúns publicaranse no BOP, Sede Electrónica e outros medios complementarios.
- Como norma xeral, as comunicacións coas persoas administradas faranse preferentemente por medios electrónicos. No caso de que a persoa solicitante facilite enderezo electrónico, ése será o que se utilice. No caso de que non o facilite, remitirase aviso a dispositivo electrónico informando da posta a disposición dos datos necesarios.

En todo caso, o administrado deberá manifestar expresamente o non consentimento deste medio de comunicación.

Para maior facilidade e difusión da información, poderán utilizarse outros medios e lugares de acceso á información complementarios aos indicados.

Aos efectos de confidencialidade e aplicación de protección de datos, comunicarase Id (identificación individual do expediente de solicitude) a cada solicitante para a consulta de datos cando se publiquen ou difundan por calquera medio dos indicados.

2.6.- Revisión de solicitudes e subsanacións.-

Rematado prazo de solicitude, a comisión de estudo procederá á comprobación do cumprimento e requisitos, obtención de datos necesarios e revisión da documentación.

Comunicarase aos solicitantes documentación a subsanar.

2.7.- Valoración e resolución das solicitudes.-

Unha vez completadas as solicitudes, procederase a valoración das mesmas e aplicarase o seguinte procedemento:

1) Elevación de proposta ao órgano con competencias na materia.

2) Publicación de listaxes de concesións e denegacións (con indicación da causa que as motiva) para cada liña de axudas segundo o indicado no apartado 2.5 nas presentes bases (Sede Electrónica, páxina web, outros medios).

As listaxes de resolución (concesións, denegacións, outras condicións) publicaranse unicamente co DNI ou NIE da persoa solicitante aos efectos de cumprimento do establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de "Protección de Datos de Carácter Personal y Garantía de los Derechos Digitales (LOPDGDD) sobre a fixación de regras sobre o uso de datos persoais identificativos das persoas interesadas nas publicacións sobre actos administrativos. A tal efecto, no caso de DNI, publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima; no caso de NIE, publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima, evitando o primeiro carácter alfabético.

3) Cando se presente recurso ao acordo inicial de concesión, si éste se estima, a entidade municipal adoptará acordo concreto en relación coa forma de pago según momento no que se aotpe o procedemento administrativo. En todo caso, adaptarase a cada liña de axudas. Este mesmo criterio aplicarase aos casos que acrediten situacións excepcionais presentados fóra do prazo ordinario ou aos expedientes que deban revisarse pola administración para corrección de actos.

2.8.- Compatibilidade con outras axudas.-

As axudas convocadas nas presentes bases son compatibles entre si e incompatibles con outras axudas convocadas por outras entidades (incluídas as do propio Concello de Arteixo) ou organismos públicos ou privados para o mesmo concepto ou finalidade.

2.9.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.-

As solicitudes presentaranse en modelo oficial debidamente cumprimentadas, acompañadas da documentación preceptiva, no Rexistro Xeral ou Rexistros auxiliares do Concello de Arteixo.

Para as liñas 1 e 2 o prazo de presentación fixarase na publicación das bases, sendo de modo xenérico, de UN MES. A convocatoria conterà o prazo para maior claridade, podendo ser inferior ao establecido como xenérico atendendo ás características específicas dalgunha das liñas das presentes bases. O prazo poderá abrirse de forma independente para cada liña de axudas.

2.10.- Unidade familiar.-

Para as liña 1 e liña 2, a efectos desta convocatoria, consideraranse que forman parte da unidade familiar os seguintes membros:

- Os cónxuxes ou titores legais ou parellas de feito.
- Os descendentes maiores e menores de idade que convivan no mesmo domicilio.

Nos casos de separación legal, divorcio ou cando non existise vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada pola nai ou polo pai e todos os descendentes que convivan con un ou outro e, si é o caso, pola persoa que sexa parella de feito de calquera dos proxenitores que teña as fillas e os fillos a cargo.

Para a condición de familia monoparental enténdese a formada por un único proxenitor ou proxenitora, con descendentes menores a cargo, que non manteñan relación de convivencia análoga á conxugal sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúan economicamente ao sustento dos descendentes (Lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia).

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio, o destinatario da axuda será o proxenitor que teña atribuída a custodia do menor dacordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

Nos supostos de acollemento, a persoa destinataria da axuda será a persoa ou persoas que teñan adxudicada por resolución administrativa ou auto xudicial.

En ningún caso poderán ser destinatarios da axuda os proxenitores privados da patria potestade dos seus descendentes ou si a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero, para os efectos do cálculo da renda per cápita nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

Para a liña 3 deberase consultar as bases específicas para esa modalidade de axudas.

2.11.- Documentación xeral e específica.-

En aplicación do contido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no relativo aos dereitos das persoas nas relación coas Administracións Públicas e documentación a aportar polas persoas interesadas nos procedementos administrativos, as persoas solicitantes deberán formular solicitude mediante declaración responsable (modelo normalizado) asumindo a entidade municipal a obtención de datos e documentación por medios propios de calquera administración coa finalidade de facilitar os trámites aos administrado.

A seguinte documentación xeral deberá achegarse acompañando ao modelo normalizado de solicitude para calquera das axudas que se soliciten:

1. Declaración responsable según modelo normalizado de solicitude que deberá conter todos os datos identificativos, familiares e laboráis requeridos.

2. Dita declaración conterà, ademáis dos datos obrigatorios, os seguintes:

a) Autorizacións para obtención de datos doutras administracións debidamente asinadas que se establecen (segundo modelo). En todo caso, é responsabilidade das familias que os datos que se consultan estén debidamente facilitados e as obrigas de calquera tipo cumpridas segundo o legalmente establecido. Esta autorización deberá asinarse para a obtención de datos de calquera das administración coas que se teña regulado a cesión de datos.

b) Declaración responsable de cumprimento de obrigas e de residencia efectiva no término municipal de Arteixo.

c) Declaración das axudas obtidas para finalidades relacionadas co ámbito educativo doutros organismos ou institucións públicas ou privadas.

d) Declaración de cumprimento de requisitos para ser beneficiario de subvencións e de non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (segundo modelo).

3. Certificado de matrícula emitido polo centro cando estes estén fóra do término municipal de Arteixo.

No caso de solicitar axudas da liña 1 (axudas para o comedor escolar), ademáis da declaración responsable, as unidades familiares deberán aportar a seguinte documentación que acredite a situación laboral dos membros computables agás que se dispoña de autorización expresa para a consulta polo Concello de Arteixo:

a) Informe de vida laboral (ou certificación que a substitúa) dos membros da unidade familiar a ter en conta para a valoración, completo e actualizado, expedido pola Tesourería da Seguridade Social. Só se Terán en conta para a valoración aqueles que conteñan os datos correspondentes ó momento da presentación solicitude. No caso de achegar resguardo da petición, o documento pendente adxuntarase en canto se teña recibido, sendo responsabilidade da persoa solicitante sin que por parte da entidade local se formalice requerimento. A non presentación do orixinal ou copia compulsada entenderase como desestimento da solicitude.

b) Para acreditar conciliación da vida laboral e familiar, certificación das empresas empregadoras no que se especifique o horario laboral. Darase únicamente puntuación cando ambos proxenitores acrediten a situación.

c) Nos casos de unións de feito con descendentes recoñecidos, separación ou divorcio, copias das sentenzas e do convenio regulador, así como xustificantes bancarios das aportacións económicas establecidas. No caso de impagos, copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o xulgado ou xustificante do inicio das actuacións.

d) No caso de menores en situación de acollemento, copia do certificado do organismo competente e, no seu caso, contía da remuneración que se perciba.

e) Outra documentación para xustificación de ingresos:

a) Demandantes de emprego con prestación:

– Declaración responsable da situación e fotocopia da comunicación da concesión.

b) Demandantes de emprego sen prestación:

– Declaración responsable de que é demandante e non percibe prestacións.

c) Perceptores de RISGA:

– Declaración responsable de ser persona perceptora.

IMPORTANTE:

1) Aplicarase puntuación derivada da situación acreditada polas persoas solicitantes polo que a non aportación da documentación acreditativa das distintas situacións conllevará a aplicación de puntos segundo datos derivados da declaración responsable e documentación que obre no expediente sin que este feito poida ser obxecto de revisión.

2) No caso de dispoñer de autorización para a consulta de datos doutras administracións, si éstes non se poideran obter por causas de imposibilidade material, serán requeridas ao solicitante. No caso de non aportalos, entenderase desistida a solicitude según o indicado no punto 2.6 das presentes bases.

3) As situacións acreditadas mediante declaración responsable serán comprobadas polos medios dos que dispón a administración local. A falsidade nos datos suporá o inicio do procedemento correspondente e devolución de contías, si é o caso.

No caso de solicitar axudas da liña 3 (axudas á mobilidade), ademais da documentación xeral deberán aportar a seguinte documentación dos membros da unidade familiar incluíbles na valoración (ver apartado específico da liña), agás que se autorice expresamente a consulta polo entidade municipal:

1. Informe de vida laboral do solicitante, completo e actualizado, expedido pola Tesourería da Seguridade Social. Só se admitirán aqueles que teñan data como máximo dun mes (1 mes) anterior á data de convocatoria das axudas. No caso de telo solicitado, achegarase copia do resguardo da solicitude, debendo adxuntarse o informe en canto sexa recibido sendo responsabilidade da persoa solicitante sin que por parte da entidade local se formalice requerimento. A non presentación do orixinal ou copia compulsada entenderase como desestimento da solicitude.

Outra documentación obrigatoria:

1) Para a liña 1 (axudas comedor): no caso de utilizar servizo de comedor diferente aos dos centros públicos do término municipal, ao longo do mes de setembro deberán achegar o seguinte:

a. Acreditación de dispoñibilidade de praza.

b. Presuposto conformado emitido polo prestador do servizo

2) Para a liña 2 (axudas libros e material escolar):

a. Factura segundo se indica no apartado 4.6 das presentes bases.

b. DCB (designación de conta bancaria) segundo modelo e fotocopia do DNI da persoa solicitante.

3) Común ás 3 liñas de axudas:

a. Unha vez publicadas listaxes de resolución, as persoas con axuda concedida deberán achegar DCB (designación de conta bancaria) segundo modelo e fotocopia do DNI da persoa solicitante.

O pagamento das axudas farase unicamente na conta que os solicitantes fagan constar. Esta conta ten que permancer activa mentras non se teña constancia da finalización do expediente. A Administración non se fará responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas alleas á propia tramitación do expediente.

2.12.- Obrigas das persoas beneficiarias.-

a) Cumprir as normas establecidas nas bases reguladoras das axudas.

b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión.

c) Manter a escolarización durante todo o curso.

d) Comunicar por escrito a renuncia á axuda e a causa que a determine no caso de producirse.

e) Cumprir a finalidade para que foi concedida a axuda.

f) Somerterse ás actuacións de comprobación e control que polo organismo concedente se leven a cabo, debendo aportar tanta información lle sexa requerida á unidade familiar beneficiaria no exercicio das actuacións relacionadas coa concesión da axuda.

g) Comunicar ao Concello de Arteixo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que a da axuda obtida.

h) Acreditar que non se atopa incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

i) Manter a conta facilitada para o cobro activa mentras non se teña constancia da finalización do expediente. O pagamento das axudas farase unicamente na conta que os solicitantes fagan constar. A Administración non se fará responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas alleas á propia tramitación do expediente.

2.13.- Comisión de valoración.-

Esta comisión será a encargada das valoracións dos expedientes de solicitude unha vez que conteñan toda a documentación preceptiva.

Procederá as valoracións, levantará acta das sesións que se celebren e elevará proposta ao órgano con competencias administrativas para a aprobación de concesións e denegacións (con indicación da causa que as motiva), sendo estas as listaxes que se publiquen segundo o indicado nas presentes bases.

A comisión de valoración estará formada polas seguintes persoas integrantes:

- § Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación ou concelleira na que delegue /concelleiro no que delegue.
- Traballadora Social do departamento de Servizos Sociais.
- Técnico adscrito á área xestora das axudas.
- Secretaria Xeral ou persoa na que delegue.

2.14.- Recursos.-

A resolución das convocatorias porá fin á vía administrativa e poderá ser recurrida potestativamente en reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou ou ser impugnadas mediante a interposición de recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da data de publicación/notificación.

2.15.- Publicidade e entrada en vigor.-

A aprobación e entrada en vigor das presentes bases será efectiva unha vez aprobadas definitivamente polo Pleno da Corporación e realizada a publicación do texto íntegro no BOP e a convocatoria aprobada polo órgano con competencias na materia.

3.- LIÑA 1: AXUDAS DE COMEDOR

3.1.- Obxecto.-

O obxecto desta liña de axudas é a regulación da concesión de axudas de comedor aplicándose o límite presupostario da partida 320.48900 do orzamento de gastos anualmente consignada.

3.2. Persoas destinatarias.-

Familias empadroadas no Concello de Arteixo con anterioridade á apertura de prazo da convocatoria anual, con descendentes ao seu cargo escolarizados en centros sostidos con fondos públicos do término municipal que sexan usuario de servizo de comedor prestado por ANPAS ou por profesionais por conta propia.

Poderán solicitar a axuda as familias con descendentes escolarizados en centros sostidos con fondos públicos doutros concellos cando a asistencia a ese centro esté xustificada por causas extraordinarias debidamente acreditadas.

3.3.- Requisitos.-

Ademais dos xerais, para ser beneficiario desta liña de axudas deberanse reunir os seguintes:

a) Ser alumnado matriculado ou con reserva de praza no 2º ciclo de ensino infantil, ensino obrigatorio (primaria e secundaria), bacharelato ou formación profesional en centros sostidos con fondos públicos do término municipal ou que acrediten circunstancias extraordinarias para asistir a centros públicos fóra do término municipal.

b) Non superar a renda per cápita máxima de 100 % do IPREM vixente no momento da convocatoria (computándose 12 pagas).

c) Ser usuario fixo do servizo (continuo ou discontinuo).

3.4.- Obrigas das persoas beneficiarias.-

a) Manter a escolarización da persoa beneficiaria e a asistencia ao comedor escolar ou servizo asimilado durante todo o curso.

b) Comunicar a baixa no servizo ao departamento xestor das axudas de xeito inmediato.

c) Cumprir a normativa específica reguladora do funcionamento do servizo de comedor escolar.

d) Abonar a parte que corresponda á familia polo servizo de comedor escolar.

O incumprimento destas obrigas dará lugar a suspensión da axuda.

3.5.- Criterios de valoración.-

As solicitudes serán valoradas segundo os seguintes criterios:

a) Situación familiar, social e laboral

	Situación	Puntos
A.1	Familias dun só proxenitor que teñan esgotado calquera tipo de axuda ou subsidio por desemprego	7
A.2	Unidades familiares nas que ambos proxenitores ou titores legais teñan esgotado calquera tipo de axuda ou subsidio por desemprego	6
A.3	Familias monoparentais en situación de empregado en activo	5
A.4	Ambos proxenitores en situación de empregados en activo	5
A.5	Familias monoparentais en situación de desempregado perceptor	3
A.6	Unidades familiares nas que ambos proxenitores estén en situación de desempregados perceptores	3
A.7	Unidades familiares nas que un dos membros esté en situación de desempregado perceptor e o outro non perceptor	3
A.8	Unidades familiares nas que un dos membros esté en situación de desempregado non perceptor e outro de empregado activo	2,5
A.9	Unidades familiares nas que un dos membros esté en situación de desempregado perceptor e o outro de empregado activo	2
A.10	Coincidencia de horarios por cuestións laborais cos horarios de comedor ⁽¹⁾ de ambos proxenitores, proxenitor monoparental ou titores legais	1

(1) Esta coincidencia deberá ser certificada polo empregador. Só se valorará para as solicitudes de escolares en idade de escolarización obrigatoria. No caso de que se acredite, a puntuación engadirase á obtida polas outras circunstancias compatibles cando se acredite por ambos proxenitores, agás para monoparentais ou circunstancias análogas.

As situacións de desemprego con ou sen prestación ou subsidio deberán estar certificadas polo SEPE ou acreditadas mediante comunicación de concesión na que consten o período de prestación.

b) Situación económica da unidade familiar de convivencia:

Para a valoración teranse en conta os ingresos anuais de todos os integrantes da unidade familiar de convivencia.

	Renda per cápita	Puntos
B.1	Inferior a 0,50 veces o IPREM	8
B.2	Entre 0,50 e menor a 0,55 veces o IPREM	6
B.3	Entre 0,55 e menor a 0,60 veces o IPREM	4
B.4	Entre 0,60 e menor 0,65 veces o IPREM	2
B.5	Entre 0,65 veces e 100 % do IPREM	1

IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) é o índice económico que se aplica. En cada convocatoria especificarase a contía exacta para maior claridade.

No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que componen a unidade familiar.

Aos ingresos da unidade familiar (segundo declaración da renda ou certificado de imputación de rendas que emite a AEAT ou outros documentos que se aporten para a valoración da situación), engadiranse as posibles pensións de alimentos establecidas nas eventuais sentenzas de separación ou convenios reguladores aprobados xudicialmente.

b) Situación social do menor (de 0 a 5 puntos)

Para esta valoración será preceptivo o informe técnico sobre a situación social do menor. Dito informe será tramitado de oficio e emitido polos Servizos Sociais do Concello para aqueles casos de especiais características que poidan supoñer motivos de risco ou exclusión social.

d) Outras situacións:

As circunstancias laborais, económicas ou familiares que se produzan con posterioridade ao peche da convocatoria poderán terse en conta si a persoa solicitante presenta recurso e se acrediten variacións de ingresos que supoñan unha merma mínima do 20% no cómputo anual fronte aos que figuran na declaración do IRFP correspondente ao ano de valoración de solicitude de axuda. Neses casos, poderase solicitar revisión da puntuación achegando a documentación que acredite dito cambio según corresponda (situación laboral, familiar e/ou familiar). Para proceder á modificación da puntuación inicial, a variación deberá terse mantido nun período mínimo de 4 meses.

3.6.- Criterios de concesión.-

As concesións das axudas faranse públicas mediante listaxe na que se especificarán as concesión e denegacións (coa concreción da causa nestes casos) polos medios indicados nas presentes bases.

No caso de ser necesario por cuestións de límites presupostarios, as concesións das axudas adxudicaranse por orde de puntuación obtendo unha porcentaxe maior de financiación as familias con maior puntuación, sendo o límite na concesión de axudas o esgotamento do crédito orzamentario asignado a esta liña de axudas.

A entidade local resérvase a facultade de adoptar decisións en relación ao incremento do número de concesións dependendo da dispoñibilidade presupostaria ou para a atención de situacións de especiais características.

No caso de empate no número de puntos obtidos, para adxudicación da axuda terase en conta a puntuación conseguida nos seguintes criterios:

- 1.º Maior puntuación no baremo da situación económica da unidade familiar de convivencia.
- 2.º Maior puntuación no baremo da situación familiar, social e laboral dos proxenitores ou persoas titoras legais da menor /do menor.

A efectos de acceso ás axudas, a preferencia na concesión das axudas responderá ao tipo de servizos para os que se solicita a axuda e será a seguinte:

- 1.º. Fixos continuos: asiste ao comedor de luns a venres ao longo de todo o período lectivo.
- 2.º. Fixos discontinuos: non asiste todos os días da semana, sendo usuario en días concretos da semana ou do mes (semanas alternas, quincenas)

No casos dos servizos fixos continuos, a contía financiada pola entidade local en ningún caso será superior a 90 € aínda cando a axuda se conceda polo 100 %.

As persoas beneficiarias con servizo fixo discontinuo percibirán as cantidades máximas que se concretan na táboa de porcentaxe sendo a contía máxima de 4,50 €/día no caso de que a axuda se conceda polo 100%.

As axudas concederanse especificando a porcentaxe da axuda que se aplicará sobre o prezo total do servizo. A parte non financiada polo Concello de Arteixo deberá ser asumida pola familia usuaria do servizo. En todo caso, a valoración da solicitude deberá acadar a puntuación que se indica a continuación para acceder a cada unha das porcentaxes da axuda tal e como se especifican:

Puntuación	% da axuda	Aportación da familia
11 puntos ou superior	100 % FC (1): ata un máximo de 90,00 € FD(2) : ata un máximo de 4,50 €/día	0 %
De 9 a 10,5 puntos	80 % FC (1): ata un máximo de 72,00 € FD(2) : ata un máximo de 3,60 €/día	20 %

Puntuación	% da axuda	Aportación da familia
De 7 a 8,5 puntos	60 % FC (1): ata un máximo de 54,00 € FD(2) : ata un máximo de 2,70 €/día	40 %
De 5 a 6,5 puntos	50 % FC (1): ata un máximo de 45,00 € FD(2) : ata un máximo de 2,25 €/día	50 %
De 3 a 4,5 puntos	30 % FC (1): ata un máximo de 27,00 € FD(2) : ata un máximo de 1,35 €/día	70 %
De 2 a 2,5 puntos	20 % FC (1): ata un máximo de 18 € FD(2) : ata un máximo de 1,00 €/día	80 %

FC (1): servizo de comedor fixo continuo

FD(2): servizo de comedor fixo discontinuo

As contías das axudas derivadas da puntuación obtida serán abonadas según se indica no apartado 3.8 das presentes bases.

As familias serán as responsables de realizar os pagamentos parciais non cubertos pola axuda concedida ás entidades ou ao profesional por conta propia que xestione o servizo.

As familias que non accedan ás axudas por terse superado o límite orzamentario fixado para esta liña, quedarán en listaxe de agarda por rigurosa orde de puntuación.

3.7.- Procedemento de aplicación da prestación.-

Situación A: persoas usuarias dos comedores dos centros públicos xestionados polas ANPAS

A efectos de facer efectivo o dereito á axuda, o Concello comprobará que a persoa que xenera dereito á mesma dispón de praza nos comedores dos centros públicos do término municipal. A tal efecto, solicitará as listaxes de altas nos servizos ás ANPAS. Aqueles estudantes que non teñan concedida a praza poderán ser beneficiarios da axuda cando o Concello reciba comunicación da alta mediante medios que permitan a constancia deste feito (certificación da ANPA ou empresa prestadora do servizo de comedor con indicación da data de alta).

Para os casos de persoas usuarias de comedores diferente aos dos centros públicos do término municipal, para facer efectivo o dereito á axuda, e como condición previa ao cobro, é imprescindible achegar a documentación obrigatoria requirida indicada no apartado 3.7. A non aportación do indicado suporá o desestimento á axuda sin que se produza o requirimento por ser un trámite obrigatorio previo á concesión.

Unha vez cumpridos e acreditados estes requisitos, o abonamento das axudas farase aplicando o procedemento que se indica no punto 3.8.

Situación B: outras persoas usuarias de comedor:

Incluíranse nesta situación as seguintes casuísticas:

– Alumnado que utilice os comedores non coordinados polas ANPAS ou xestionados por profesionais por conta propia cando o centro non dispoña do servizo ou no caso de que non se dispuxese de praza por superar a demanda á dispoñibilidade das mesmas. En todo caso, o servizo de comedor que utilice deberá reunir as condicións adaptadas ás idades dos usuarios e dispoñer dos permisos ou autorizacións regulamentarios que se comprobará previo á concesión da axuda

No caso de que ao longo do curso escolar a persoa beneficiaria da axuda desexa realizar o cambio a outro comedor xestionado por outro profesional, deberá achegar novo presuposto á entidade local. En todo caso, non suporá a revisión á alza da concesión da axuda.

A efectos de facer efectivo o dereito á axuda, e como condición previa á concesión, no mes de setembro de cada convocatoria, deberase entregar a seguinte documentación:

- Acreditación de dispoñibilidade de praza.
- Presuposto emitido polo profesional que explota o comedor no que constará o prezo mensual ou unitario (para días soltos).

A axuda concedida aplicarase co límite máximo establecido nas presente bases según a puntuación obtida, sempre según a seguinte prioridade:

- Xantar
- Madrugadores (con ou sin almorzo)

(Ludoteca: este servizo non se imputará á axuda por coincidir con outros Servizos de conciliación municipais).

3.8.- Xestión e pago das axudas.-

A concesión da axuda implica a cesión do dereito de cobro ás ANPAS ou ás entidades prestadoras do servizo, polo que o pago se realizará directamente a estas entidades e non á familia.

A efectos de facer efectivo o dereito á axuda, e como condición previa ao cobro, é imprescindible achegar a documentación obrigatoria requirida indicada no apartado 3.7. A non aportación do indicado suporá o decaimento do dereito á axuda sin que se produza o requirimento por ser un trámite obrigatorio previo á concesión.

As axudas abonaranse ás ANPAS ou ás entidades prestadoras do servizo de xeito mensual. A tal efecto, a certificación mensual deberá emitirse concretando nº de servizos (diferenciados por tipoloxía) que se inclúen acompañado de resumo no que se concreten os servizos por cada persoa usuaria, listaxe de asistencias debidamente asinadas e informe concretando incidencias (entendendo como tal toda situación que supoña unha modificación do prezo indicado inicialmente: ausencias xustificadas ou non xustificadas, baixas e outras situacións). Na certificación deberanse diferenciar os servizos subvencionados co seu importe, dos servizos non subvencionados dos que tamén se incluírá o importe.

Durante os cinco primeiros días do mes seguinte á prestación do servizo, a ANPA ou a entidade xestora da mesma presentará nas dependencias municipais un certificado no que concretará nº de servizos (diferenciados por tipoloxía) que se inclúen acompañado de resumo no que se concreten os Servizos por cada persoa usuaria (según modelo que se defina polo Concello), listaxe de asistencias debidamente asinados e informe concretando incidencias (entendendo como tal toda situación que supoña unha modificación do prezo indicado inicialmente: ausencias xustificadas ou non xustificadas, baixas e outras situación).

A ANPA ou a entidade prestadora do servizo, durante os cinco primeiros días do mes seguinte á prestación do servizo, remitirá á familia do menor usuario e beneficiario a mesma información que vai recibir o Concello para que, no caso de discrepar con algún dato, o comunique ao Concello antes do día 10 de cada mes. No caso de que non se produza tal comunicación, entenderase que a familia dá a súa conformidade á información presentada pola entidade prestadora do servizo.

Aínda sendo o límite financiado o derivado da porcentaxe da axuda, abonarase a contía que deriva dos servizos no apartado 3.7 das presentes bases (xantar, madrugadores). En ningún caso se someterá a modificación o inicialmente estipulado (agás situacións excepcionais debidamente acreditadas polo persoal técnico do departamento).

Para as solicitudes para as que se presente recurso ao acordo inicial de concesión ou para os expedientes que se presenten fóra de prazo ordinario (situacións excepcionais acreditadas) ou aqueles para os que deba aplicarse revisión de resolución para corrección de actos administrativos, o acordo de resolución definitiva incluírá a forma de pago dependendo do momento no que se atope o procedemento administrativo.

No caso excepcional de que se acorde o pago directo á persoa beneficiaria, o importe a aboar derivará da porcentaxe da subvención concedida previa xustificación dos gastos realizados. Non obstante, dende o primeiro día do mes seguinte á aprobación da concesión, o pago seguirá o trámite ordinario.

3.9.- Baixa como persoa beneficiaria da axuda.-

Poderase revocar a concesión da axuda outorgada, previa resolución ao respecto, nos seguintes supostos:

- a) Ocultación de información si ésta resulta determinante para a concesión da axuda.
- b) Non realizar trámites necesarios para o inicio do servizo no prazo previsto.
- c) O mal comportamento que impida ou perxudique o desenvolvemento normal do servizo e provoque a expulsión do mesmo en aplicación das normas de réxime interior.
- d) A alteración das circunstancias que motivaron a concesión.
- e) Informe emitido pola ANPA no que consten impagos. Agás casos debidamente acreditados, tramitarase desestímulo do dereito a axuda.

3.10.- Exención de tributación.-

De acordo previsto no artigo 7.j) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, esta liña de axudas son rendas exentas.

3.11.- Disposición transitoria

As especiais circunstancias derivadas do COVID-19 e a súa repercusión na organización de servizos educativos e os complementarios, as axudas ao estudo na liña 1 (comedor) deben planificarse con alternativas que permitan adaptarse ás situacións que poidan xurdir e que non interfiran na xestión normal das axudas. Este feito regúlase no anexo II das presentes bases.

4.- LIÑA 2: AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL DIDÁCTICO

4.1.- Obxecto.-

É obxecto destas axudas a fixación do procedemento para a concesión de axudas económicas para a adquisición de libros de texto e material didáctico para o alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil dos centros educativos sostidos con fondos públicos e que estean empadroados e residan durante o curso escolar neste Concello. As axudas concederanse segundo límite presupostario da partida 489.00 do orzamento de gastos fixado anualmente para o obxecto estipulado.

4.2.- Persoas destinatarias.-

Familias empadroadas no Concello de Arteixo con anterioridade á apertura de prazo da convocatoria anual, con menos de idade ao seu cargo escolarizados en centros sostidos con fondos públicos no nivel de ensino infantil (4º, 5º e 6º EI).

4.3.- Requisitos.-

Ademais dos estipulados como xerais, para ser beneficiario deberán reunirse os seguintes requisitos:

- Estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos no 2º ciclo de ensino infantil.
- Convivir co alumnado para o que se solicita a axuda.
- Estar matriculado ou ter reserva de praza para o curso escolar para o que se solicita a axuda.
- Non superar a renda per cápita anual correspondente ao 130% do IPREM vixente no momento da convocatoria das axudas).

4.4.- Criterios de valoración.-

A valoración de solicitudes realizarase en función dos ingresos da unidade familiar aplicando os criterios fixados nas presentes bases.

No caso de esgotarse o límite presupostario fixado terán prioridade na concesión as persoas solicitantes con menor capacidade económica por membro da unidade familiar (renda per cápita).

Para a valoración teranse en conta os ingresos anuais de todos os integrantes da unidade familiar de convivencia.

4.5.- Criterios de adxudicación.-

Concederanse axudas en función do crédito habilitado para cada anualidade.

As contías concedidas virán determinadas polo gasto que as familias acrediten, sempre cos límites que se especifican a continuación.

As axudas concederanse atendendo á renda per cápita familiar correspondente ao ano que se debe acreditar.

Os tramos de axudas son os seguintes:

a) Unidades familiares con renda per cápita inferior ao 100 % IPREM vixente no momento da convocatoria anual das axudas (computadas para 12 pagas): ata 150 €.

b) Unidades familiares con renda per cápita entre o 100 % e o 130 % do IPREM vixente no momento da convocatoria anual das axudas (computadas para 12 pagas): ata 90 €.

4.6.- Procedemento para o abono das axudas.-

A contía corresponde á axuda abonarse nun único pago que se ingresará na conta facilitada pola unidade familiar beneficiaria.

As axudas comunicaranse mediante listaxe de persoas beneficiarias coas contías que se abonarán a cada persona beneficiaria. Nesta listaxe aparecerá unicamente como dato o documento de identificación codificado (DNI, NIE) e a contía da axuda que percibirá (ver apartado 2.7.2 das presentes bases).

As persoas beneficiarias terán a obriga de presentar o xustificantes dos gastos realizados para percibir a axuda no momento da solicitude.

Para facer efectivo o cobro da axuda deberá cumprirse a condición de xustificación dos gastos no momento de presentación da solicitude de axuda. A tal efecto, deberán achegar facturas orixinais na que deberán figurar obrigatoriamente os seguintes datos:

- CIF, NIF ou NIE do establecemento.
- Nome do titular do establecemento.
- Datos do titular do establecemento.
- Data e número da factura
- Concepto do adquirido
- Deberase acreditar o pago da factura
- Non terán validez os tiques que non conteñan todos os datos arriba indicados.

5.- LIÑA 3: AXUDAS Á MOBILIDADE PARA ESTUDANTES

5.1.- Obxecto.-

Estas bases regularán a concesión de axudas anuais, para mellorar a mobilidade para estudantes de bacharelato, formación profesional, ensinanzas artísticas musicais e estudos universitarios en centros públicos no territorio galego.

As axudas concederanse segundo límite presupostario da partida 489.00 do orzamento de gastos anualmente fixada para o obxecto estipulado.

5.2.- Persoas destinatarias.-

Estudantes de bacharelato, formación profesional, ensinanzas artísticas musicais e estudos universitarios en centros públicos no territorio galego, empadroados no Concello de Arteixo. Non poderán solicitar ditas axudas estudantes que vivan a unha distancia menor ou igual a 2 km do centro de ensino ou do lugar donde realice as prácticas no caso da FP básica dual.

As axudas destinaranse a cobertura dos seguintes desprazamentos:

- a) Entre o domicilio e o centro de estudos
- b) Entre o domicilio e a empresa, institución ou entidade donde se realicen as prácticas (actividade laboral formativa) no caso de alumnado de FP básica dual.

As axudas concederanse para un dos conceptos, non sendo sumativas en ningún caso

5.3.- Requisitos.-

Ademais dos xerais, para ser persoa beneficiaria desta liña de axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado en centros sostidos con fondos públicos dos niveis definidos para esta liña de axudas.
- b) Non superar a renda per cápita máxima corresponde ó 100 % do IPREM vixente no momento da convocatoria das axudas (computándose 12 pagas)

Aos efectos de cómputo, entenderase por unidade familiar a seguinte:

- a) Proxenitores da persoa solicitante e irmáns menores de 25 anos (ou maiores cando acrediten discapacidade recoñecida ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada) agás os que vivan independentes co consentemento dos proxenitores.
- b) En caso de separación legal ou divorcio dos proxenitores, computarase aquel que conviva coa persoa solicitante. Tamén se computará o novo cónxuxe ou parella si convive.
- c) No caso de custodia compartida de descendentes, computaranse proxenitores da persoa solicitante e descendentes comúns.
- d) Si se trata dunha persoa independente, tamén se considerarán membros da unidade familiar o cónxuxe ou persoa unida por análoga relación así como os descendentes que convivan no mesmo domicilio.

5.4.- Xestión das axudas.-

Concederanse as seguintes contías estipuladas por distancias desde o punto de orixe (domicilio) e o destino (centro ou empresa)

LUGAR DE ESTUDOS OU PRÁCTICAS (FP dual)	CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA
Arteixo	150 €
A Coruña	200 €
Outros concellos limítrofes	200 €
Ferrol	250 €
Santiago	300 €
Lugo	350 €
Vigo	400 €
Ourense	450 €

No caso doutros destinos intermedios, para a concesión da axuda realizarase un cálculo estimativo dependente dos quilómetros entre o punto de orixe e o de destino tomando como referencia o máis próximo dos definidos na táboa.

5.5.- Procedemento de concesión.-

A listaxe de acceso ás axudas (de menor a maior) confeccionarase segundo a renda per cápita da unidade familiar. No caso de empate, concederáselle a axuda á menor renda per cápita. No caso de proseguir o empate, concederáselle á solicitude que antes entrara no rexistro.

5.6.- Procedemento para o abono das axudas.-

O Concello abonará nun só pago a axuda concedida, tras a súa concesión.

As solicitudes presentaranse no prazo de convocatoria que se publique coa bases específicas, en modelo normalizado, no Rexistro Xeral do Concello acompañada da documentación indicada nas presentes bases.

5.7.- Compatibilidades con outras axudas.-

Ver apartado 2.8.(Compatibilidade con outras axudas) das presentes bases.

5.8.- Xustificación.-

O bó uso destas axudas, xustificarse no mes de xuño, presentando copia da certificación das notas do curso e avaliación das prácticas, si é o caso.

5.9.- Devolución.-

O Concello resérvase o dereito de esixir o reintegro da axuda concedida ao alumnado que non xustifique a permanencia nos seus estudos ou no caso de demostrarse irregularidades na documentación.

ANEXO 1**ACREDITACIÓN DE SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE DERIVADA DE SITUACIÓN****DE ALARMA COVID 19**

Aínda aplicándose criterios definidos nas bases reguladoras para cada, teranse en conta as situacións de vulnerabilidade derivadas do estado de alarma polo COVID 19.

As unidades familiares que acrediten unha baixada de ingresos de máis do 20 % en relación cos datos obrantes na declaración da renda (IRPF) do ano 2019, serán valoradas compensando ambas situacións e aplicando puntuación que corresponda para a situación económica que resulte.

Aos efectos de acreditación de situacións, deberán aportar a seguinte documentación complementaria según corresponda:

- Persoas físicas autónomas ou sociedades
 - o Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou mutua profesional correspondente.

- o Acreditación de que estivo en situación extraordinaria e que percibiu prestación (certificación da concesión)
- o Acreditación de cese de actividade mediante certificación expedida pola AEAT sobre a base da declaración de cese de actividade declarada pola persoa interesada.
- o Declaración responsable que conterá o pronunciamento expreso de que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo e sucesivos.
- Traballadores por conta allea:
 - o Acreditación de estar incluído nun ERTE coa aceptación do mesmo pola autoridade competente.
 - o Certificado que acredite que percibiu ERTE e contía.
- Outra documentación que acredite a situación e que concrete contías percibidas.

No caso de non achegar ningunha documentación que xustifique que se estivo afectado pola situación de alarma e que isto repercutiu na situación económica da unidde familiar, aplicaranse os criterios xerais establecidos nas bases.

A valoración das situacións de vulnerabilidade derivadas do COVID19 non exime do cumprimento dos requisitos regulados nas bases.

ANEXO 2

DISPOSICIÓN TRANSITORIA APLICABLES A LIÑA 1 (AXUDAS COMEDOR)

As especiais circunstancias derivadas do COVID-19 e a súa repercusión na organización de servizos educativos e os complementarios, as axudas ao estudo na liña 1 (comedor) deben planificarse con alternativas que permitan adaptarse ás situacións que poidan xurdir e que non interfiran na xestión normal das axudas. Este feito regúlase no presente anexo II.

Será o Concello de Arteixo quen establecerá o sistema a aplicar en cada momento derivado das circunstancias nas que se poida iniciar a activade escolar e dependendo do funcionamento dos Servizos.

En ningún caso serán as persoas beneficiarias as que opten por un sistema concreto salvo que a entidade municipal así llo requira.

Ao longo do curso, poderán alternarse os distintos sistemas ou poderán aplicarse de xeito simultáneo para distintas familias sempre con intención de facilitar o acceso. En todo caso, desde o servizo xestor elevarase proposta ao órgano con competencias na materia para a implementación derivado da eficacia e eficiencia necesarias.

A tal efecto, concrétase o seguinte:

A. A xestión ordinaria das axudas ao estudo Liña 1 (axudas a comedor): será a definida nas bases apartado 3.8. con pago delegado ás entidades prestadoras do servizo nos centros.

B. No caso de calquera alteración na prestación ordinaria do servizo de comedor nos centros, establécense dous sistemas de xestión que permitan anticipar a tramitación das axudas nas circunstancias que actualmente se poden anticipar.

En todo caso, a aplicación dun dos sistema anula os outros, sendo o modo de acceso á axuda por unha das vías según establece o Concello de Arteixo.

Os sistemas de xestión alternativos poderán ser os seguintes:

1. Sistema de xestión das axudas ao estudo liña 1 (axudas a comedor) con pago directo:

a) As contías concedidas poderán abonarse directamente ás persoas beneficiarias previa presentación da xustificación do gasto en períodos trimestrales ou ao remate do curso ao que afecte.

b) Aos efectos de xustificación, as familias achegarán facturas (que deberán cumprir os requisitos legais) que conterán relación desglosada de produtos adquiridos según a listaxe de alimentos que se concretan imputables a esta axuda e contías desglosadas. Os tiquets de compra só se admitirán como documentos complementarios da factura.

Para simplificar a tramitación, a persoa beneficiaria achegarán facturas según os seguintes períodos para a xustificación trimestral:

- 1º trimestre: incluírá gastos de setembro a decembro 2020.
- 2º trimestre: incluírá gastos de xaneiro, febreiro e marzo 2021.
- 3º trimestre: incluírá gastos de abril, maio e xuño 2021.

En cada período os prazos ordinarios será de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao de remate do prazo incluído no período de xustificación.

No caso de optar pola xustificación ao remate do curso, disporá de 10 días hábiles computados dende o día seguinte ao de finalización do curso.

c) Estes prazos serán reaxustados no caso de que os períodos sexan inferiores ao trimestre e publicaranse na web municipal, outros medios que permitan a difusión e comunicación ás persoas beneficiarias a través de datos obrantes na solicitude da axuda.

d) Para a tramitación do ingreso da contía xustificada validada, seguirase o seguinte procedemento:

· Presentación da documentación xustificativa nos rexistros municipais (presencial ou sede electrónica), acompañada da seguinte documentación:

- Modelo establecido ó efecto.
- Facturas orixinais e demais documentación complementaria
- Declaración responsable de cumprimento de condicións e de estar ao día nas obrigas tributarias coas administracións (comprobarase veracidade posteriormente).
- No caso de ser necesario, designación de conta bancaria (según modelo) da persoa beneficiaria acompañada de fotocopia de DNI ou documento acreditativo
- Certificados que acrediten intolerancias ou situacións especiais que requiran de produtos de características especiais.

e) Os produtos e cantidades que se desglosen nas facturas serán os adaptados á idade de cada persoa estudante receptora da axuda. No caso de intolerancias alimenticias terase en conta a seguinte relación de produtos admitidos:

- o Carnes e derivados
- o Peixe e derivados.
- o Ovos e ovoproductos.
- o Leite e derivados.
- o Cereais.
- o Leguminosas.
- o Tubérculos e derivados.
- o Fariñas e derivados.
- o Hortalizas e verduras.
- o Froitas e derivados.
- o Bebidas saúables non carbonatas (non alcohólicas)
- o Conservas animais e vexetais
- o Outros non contidos na presente relación que teñan características saúdables e adaptadas ás idades do alumnado becado

2. Sistema de xestión das axudas ao estudo liña 1 (axudas a comedor) con recollida de menú:

Si a organización do servizo o permite e as circunstancias sanitarias e educativas así o aconsellan, as familias poderán recoller os menús diarios directamente según se estableza ao efecto.

Esto sempre estará supeditado á lexislación de aplicación e medidas que se ordenen polas administracións competentes. As familias estarán obrigadas a cumprir todas as normas que se impongan. En caso contrario, decaerán do dereito á axuda por calquera das vías. Adoptarase acordo expreso en tal sendito.

Neste sistema, o pago realizarase directamente á entidade prestadora do servizo según o establecido no sistema de xestión ordinaria.

2020/4154